



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DOCE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000038

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e quince minutos do día doce de novembro de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 696 de data 11 de novembro/2024 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández e dona Tamara Sabín Caamaño. Non asiste por causas xustificadas don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 05.11.24 (ORDINARIA).-

O alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 05.11.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.-APROBAR A ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCIZO 2025.-.-

“PROPOSTA DE ALCALDIA PARA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCIZO 2025

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de adherirse ao programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o ano 2025 (FOPPSS / 2025) e visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais, que se transcribe a continuación:

Paula Fernández Dopazo, Traballadora Social do Concello de Valdoviño (Colexiada 2116) en relación coa convocatoria de subvencións do Programa de Financiamento de Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2025 FOPPSS / 2025 (BOP nº 198 do 14 de outubro de 2024).

INFORMO:

- Que segundo a base 13 da convocatoria o Concello de Valdoviño ten previstas as seguintes contías de financiamento, recollidas como achegas máximas, por parte da Deputación Provincial de A Coruña para o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios para o exercizo 2025:
 - a. Módulo I (Persoal administrativo grupo C1 ou C2): 18.000 euros.
 - b. Módulo II (Persoal técnico A2): 22.000 euros.
 - c. Horas concedidas SAF libre concorrancia (3.600 horas - 14€/hora): 50.400 euros.

PROPOÑO

Á xunta de Goberno Local a aceptación do seguinte contemplado nas bases:

- Aceptar as bases da convocatoria, do **Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2025**, así como os compromisos e obrigas que nela se inclúen.
- **Adherirse ao PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2025** de acordo coas bases do Programa e co detalle que se recolle no cadro de orzamento e financiamento previstos achegado coa solicitude.
- Solicitar o seguinte financiamento para o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios para o exercizo 2025:
 - a. Módulo I (Persoal administrativo grupo C1 ou C2): 18.000 euros.
 - b. Módulo II (Persoal técnico A2): 22.000 euros.
 - c. Horas solicitadas SAF libre concorrancia (3.600 horas anuais): 50.400 euros.
 - i. Total solicitado: 90.400 euros.

PROPOÑO

Á xunta de Goberno Local a aprobación do seguinte:

- A aceptación das bases da convocatoria, do **Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2025**, así como os compromisos e obrigas que nela se inclúen.
- **A adhesión ao PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2025 (FOPSS / 2025**, de acordo coas bases do Programa e co detalle que se recolle no cadro de orzamento e financiamento previstos achegado coa solicitude.
- A solicitude do seguinte financiamento para o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios para o exercizo 2024:
 - a. Módulo I (Persoal administrativo grupo C1 ou C2): 18.000 euros.
 - b. Módulo II (Persoal técnico A2): 22.000 euros.
 - c. Horas concedidas SAF libre concorrancia (3.600 horas - 14€/hora): 50.400 euros.
 - i. Total solicitado: 90.400 euros

Para que conste aos efectos oportunos, asino electrónicamente na data indicada á marxe.

O Alcalde
Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/A002/000004).

3º.-APROBACIÓN DO PAGAMENTO DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2024.-

“PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACION DO PAGAMENTO DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2024.

Visto o informe de valoración das “Medidas de apoio ás familias destinadas á adquisición de material para o estudo e transporte do ano 2024” emitido polo Departamento de Servizos Sociais

e vista a acta da Comisión Avaliadora, o órgano Colexiado que se establece no artigo 21 da Lei de Subvencións de Galicia e no artigo 4 das bases (anuncio no BOP Nº 117 de 18 de xuño de 2024), conformado por:

- Rosa Ana García López (Concelleira de Servizos Sociais)
- Natalia Salgado Vázquez (en substitución de Senén Martínez Prieto (Servizos económicos)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)
- Carlota González Navarro (Secretaría)
- Alberto González Fernández (Alcaldía- Presidente)

e que se transcribe a continuación:

INFORME- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DO PAGAMENTO DAS AXUDAS DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS PARA MATERIAL ESCOLAR E TRANSPORTE DO ANO 2024

En relación á concesión de axudas das Medidas de apoio ás familias para material escolar e transporte (anuncio no BOP Nº 117 de 18 de xuño de 2024), e en relación ao pagamento das mesmas

INFORMO:

1. *Á vista das solicitudes concedidas e aprobadas previamente (por Resolución de Alcaldía en data 03.09.2024 e por acordo de Xunta de Goberno Local en data 18.09.2024 por subsanación de erro), valóranse as xustificacións presentadas en forma e prazo.*
2. *Que do total das axudas solicitadas foron concedidas 51, das cales se presentan dentro do prazo estipulado un total de **51 xustificacións** (das cales 5 tamén inclúen transporte). Que desas 51 xustificacións, 30 familias presentan a modalidade de vales coa cesión do dereito de pago a favor do establecemento.*
3. *Que trala revisión da documentación aportada segundo os criterios que constan nas bases da subvención, aclárase o seguinte:*
 1. *Todas as xustificacións conteñen o xustificante do gasto correspondente a través de facturas de compra, tamén no caso de elixir o sistema de vales.*

2. Que en todos os casos acredítase a titularidade do número de conta bancaria a través do certificado da entidade bancaria.
4. Que catro das axudas para transporte aprobadas inicialmente non presentan documentación xustificativa, polo que se procede a descartar as ditas axudas, atendendo ao artigo 7 das bases, o que deriva na perda parcial da subvención aprobada inicialmente por ese concepto (manténdose a de material escolar).
5. Que o Departamento de Servizos Sociais confirmou con cada establecemento a coincidencia dos vales canxeados (cesión do dereito de cobro) por concepto de material escolar coa xustificación presentada polas familias.
6. Que revisada a documentación, procede a aprobación das xustificacións presentadas e o seu pagamento, coas características que se recolle no cadro seguinte.

| | NOME E APELIDOS | DNI | Cantidade concedida | Cantidade xustificada | Cantidade a PAGAR |
|-------------------------|-----------------------------|------------|----------------------------|------------------------------|--------------------------|
| MATERIAL ESCOLAR | | | | | |
| 1 | Jimena Ponce Palma | ****7310-V | 90 € | 130,18 € | 90 € |
| 2 | Álvaro Alonso López | ****6751S | 180 € | 180 € | 180 € |
| 3 | Elba Cabanas Vellón | ****9882M | 180 € | 182,64 € | 180 € |
| 4 | Irene Caneiro Hermida | ****6708-J | 180 € | 201,17 € | 180 € |
| 5 | Natalia Leirachá Ameneiros | ****7314K | 90 € | 90 € | 90 € |
| 6 | Mª Jesús Novo Pérez | ****8345E | 90 € | 90 € | 90 € |
| 7 | Alejandro Ramos Fernández | ****8611E | 180 € | 183,29 € | 180 € |
| 8 | Mª Almudena Dopico Basoa | ****0603-P | 90 € | 90 € | 90 € |
| 9 | Ana María Alonso López | ****6087-T | 180 € | 327,02 € | 180 € |
| 10 | Mª Cristina Villasuso Galdo | ****1357-K | 90 € | 110,56 € | 90 € |
| 11 | Virginia Vázquez Vergara | ****7954E | 90 € | 83,98 € | 83,98 € |
| 12 | Manuel Rodriguez Freire | ****8317-R | 90 € | 90 € | 90 € |
| 13 | Raquel Cabanas Vellón | ****9200J | 180 € | 184,04 € | 180 € |
| 14 | Tania Soto Rodríguez | ****0813Y | 180 € | 179,95 € | 179,95 € |
| 15 | Luz Mª Area Abeal | ****2650M | 90 € | 90 € | 90 € |
| 16 | Xeila Mª Casas Vázquez | ****4144N | 270 € | 270 € | 270 € |
| 17 | Yolanda Rodríguez López | ****5993J | 45 € | 45 € | 45 € |
| 18 | Josefa Muiño Rodríguez | ****1746-R | 180 € | 180 € | 180 € |
| 19 | Josefa Pico Muíño | ****9805-W | 90 € | 90 € | 90 € |

| | | | | | |
|----|------------------------------|------------|-------|----------|----------|
| 20 | Olalla Santalla Ocaranza | ****7371-D | 90 € | 90 € | 90 € |
| 21 | Enrique Ramos Padín | ****0265X | 270 € | 206,40 € | 206,40 € |
| 22 | Licesia Sánchez Iglesias | ****0408E | 180 € | 180 € | 180 € |
| 23 | Ana Mª Pedre Durán | ****3475X | 180 € | 180 € | 180 € |
| 24 | Isabel Alonso López | ****6088-R | 90 € | 94,15 € | 90 € |
| 25 | Angélica Calvo García | ****4651-J | 180 € | 180 € | 180 € |
| 26 | María Luisa Castro Porta | ****1248-Z | 90 € | 89,76 € | 89,76 € |
| 27 | Mª Rocío Orizales Carrodegas | ****2168-L | 180 € | 180 € | 180 € |
| 28 | Mª Teresa Pedre Durán | ****3474D | 90 € | 94,55 € | 90 € |
| 29 | José Luís Santiso Requeijo | ****7818K | 180 € | 180,87 € | 180 € |
| 30 | Mª Isolina Ameneiros Rdz. | ****6709Z | 180 € | 180 € | 180 € |
| 31 | Yéssica López Calderón | ****9091Z | 90 € | 103,60 € | 90 € |
| 32 | Julieth A. Quijano Cárdenas | ****2623G | 180 € | 180 € | 180 € |
| 33 | Casilda Piñeiro Rodríguez | ****8131F | 90 € | 87,00 € | 87,00 € |
| 34 | Yolanda García Pita | ****1047X | 90 € | 90 € | 90 € |
| 35 | María Aja Aneiros | ****2571Q | 180 € | 180 € | 180 € |
| 36 | Mª Esther Álvarez Lama | ****9537M | 180 € | 180 € | 180 € |
| 37 | Mª Rosario Calvo Chao | ****4817S | 90 € | 90 € | 90 € |
| 38 | Mª Aránzazu Ulloa Prat | ****1214J | 90 € | 89,98 € | 89,98 € |
| 39 | Daniel Jiménez Romero | ****7943B | 270 € | 270 € | 270 € |
| 40 | José Ángel Alonso López | ****6633G | 90 € | 60 € | 60 € |
| 41 | Vanessa Gómez Ferreira | ****1922A | 90 € | 90 € | 90 € |
| 42 | Lorena Hermida López | ****1716E | 180 € | 187,93 € | 180 € |
| 43 | Vanesa Morado Carballeira | ****2575F | 180 € | 180 € | 180 € |
| 44 | Marta Río López | ****5894L | 180 € | 188,17 € | 180 € |
| 45 | Desiree Rodríguez López | ****9157Z | 180 € | 180 € | 180 € |
| 46 | Alba Novo Bouza | ****1224A | 180 € | 180 € | 180 € |
| 47 | Uxía Martínez Montero | ****5401G | 90 € | 90 € | 90 € |

| | | | | | |
|-------------------|--|------------|----------|----------|-----------|
| 48 | Carla Molina Benito | ****7519P | 180 € | 160,61 € | 160,61 € |
| 49 | Miguel Ángel Rioboo Paredes | ****5855-Q | 90 € | 90 € | 90 € |
| 50 | M ^a Cristina Fernández Breijo | ****3436V | 180 € | 206,28 € | 180 € |
| 51 | Catarina Aneiros Fraga | ****1147H | 270 € | 270 € | 270 € |
| | | | | 7425 € | 7302,68 € |
| TRANSPORTE | | | | | |
| 1 | Irene Caneiro Hermida | ****6708-J | 100,00 € | 100,00 € | 40,00 € |
| 2 | M ^a Cristina Villasuso Galdo | ****1357-K | 100,00 € | 100,00 € | 50,00 € |
| 3 | Josefa Pico Muíño | ****9805W | 100,00 € | 00,00 € | 00,00 € |
| 4 | Enrique Ramos Padín | ****0265X | 200,00 € | 00,00 € | 00,00 € |
| 5 | Angélica Calvo García | ****4651-J | 100,00 € | 100,00 € | 100,00 € |
| 6 | M ^a Teresa Pedre Durán | ****3474D | 100,00 € | 100,00 € | 100,00 € |
| 7 | M ^a Esther Álvarez Lama | ****9537M | 100,00 € | 00,00 € | 00,00 € |
| 8 | M ^a Aránzazu Ulloa Prat | ****1214J | 100,00 € | 100,00 € | 100,00 € |
| 9 | Catarina Aneiros Fraga | ****1147H | 100,00 € | 00,00 € | 00,00 € |
| | | | 1000€ | | 390,00 € |

*Enténdese por gasto xustificado e cumprida a finalidade da subvención o que se considera válido e subvencionable segundo as bases da convocatoria.

** No suposto de que a xustificación do gasto realizado fose inferior ao importe da subvención, o importe da axuda será o do gasto xustificado.

8. Que o pagamento das axudas deberá efectuarse coas seguintes especificacións:

- No caso do material escolar e do transporte, efectuarase o pagamento do importe concedido e xustificado no número de conta indicado por cada familia.

- No caso das 30 familias que utilizaron o sistema de vales coa cesión do dereito de cobro, resultan as seguintes cantidades a ingresar a favor dos establecementos

- Librería Xeila: 915 € Librería Folder: 60 €
- Sprinter: 3330 € Nito: 30 €

- O total das axudas ascende á cantidade de 7692,68 €.

Infórmase para que sexa elevado a Xunta de Goberno Local para a aprobación do pagamento das subvencións, atendendo ao formato e cantidades que se recolle no presente informe.

En Valdoviño a 22 de outubro de 2024

Iria García Martínez. Educadora Social (Col. 3545)

En virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación da proposta de pagamento das axudas das “Medidas de apoio ás familias para a adquisición de material escolar e o transporte do ano 2024”, por un valor total de 7692,68 euros e proceder ao dito pagamento.

Valdoviño, 30 de outubro de 2024

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA Á MARXE/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/A011/000001).

4.- APROBAR A SOLICITUDE DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS PARA O FINANCIAMENTO DE PERSOAL TÉCNICO DE IGUALDADE DE XÉNERO E AXENTES DE IGUALDADE DE XÉNERO NO ANO 2025.-

“PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A SOLICITUDE DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS PARA O FINANCIAMENTO DE PERSOAL TÉCNICO DE IGUALDADE DE XÉNERO E AXENTES DE IGUALDADE DE XÉNERO NO ANO 2025 (FOAI/2025)

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de adherirse ao programa de financiamento de persoal técnico de Igualdade de Xénero e Axentes de Igualdade de Xénero para o ano 2025 (FOAI/2025) e visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais, que se transcribe a continuación:

“INFORME PARA A APROBACIÓN DA SOLICITUDE DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS PARA O FINANCIAMENTO DE PERSOAL TÉCNICO DE IGUALDADE DE XÉNERO E AXENTES DE IGUALDADE DE XÉNERO NO ANO 2025 (FOAI/2025)

PRIMEIRO- En data 14 de outubro de 2024 publícase no Boletín Oficial da Provincia as Bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a Concellos e outras entidades locais para o financiamento de persoal técnico de Igualdade de xénero e axentes de igualdade no ano 2025.

SEGUNDO- Dende a aprobación da Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, da Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia

de igualdade e do Real Decreto- lei 9/2018 de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, os concellos recuperaron as competencias en materia de igualdade e asumen a súa responsabilidade como Administracións Públicas na procura da igualdade e na loita contra a violencia de xénero, e comezan a desenvolver políticas públicas propias neste sentido.

TERCEIRO-. Esta liña de financiamento cubre a contratación de persoal entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025, en concepto de salario e seguridade Social.

CUARTO-. As entidades locais poderán solicitar este programa caso de o seu persoal cumprir os seguintes requisitos:

- Estar prestando os seus servizos no concello ou estar prevista a súa contratación no período subvencionado.*
- Ter a categoría profesional de técnica/o de igualdade de xénero ou axente de igualdade de xénero ou equivalente, grupo de clasificación A1/A2 ou equivalente no caso de persoal laboral.*
- Ter Grao, Licenciatura ou Diplomatura.*
- Ter formación especializada en materia de igualdade de xénero ou violencia de xénero (mínimo 500 h). É imprescindible para que o persoal sexa especializado salvo no caso do Grao en Igualdade.*

Esta formación deberá ser convocada, impartida ou homologada por: unha Administración Pública e organismos do sector público; o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP); a Escola Galega de Administración Pública (EGAP); institucións de formación similares do Estado ou Comunidades Autónomas; organizacións sindicais ou outros axentes promotores dentro do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (Afedap), Universidades e Colexios Profesionais.

- Ser persoal propio do concello, non admitíndose a contratación dos servizos.*
- Ter, como mínimo, media xornada de traballo no concello.*
- Non percibir outra axuda da Deputación da Coruña para o seu financiamento*

QUINTO-. O importe máximo de 22.000,00 € corresponde a contratos de xornada completa e prestación dos servizos durante o período mencionado, sendo proporcional a redución no caso de prestación de servizos de duración inferior ao ano ou con xornada parcial.

SEXTO-. Actualmente no Concello de Valdoviño realízanse numerosas actuacións no marco da Igualdade de oportunidades, a diversidade sexual e a prevención da violencia de xénero, enmarcados no Programa Municipal de prevención “Somos e Contamos”, como son:

- Xestión do Servizo de conciliación da vida persoal, familiar e laboral (programas Concilia Mañás e Concilia Verán)*
- Xestión do Punto de Atención á Infancia*
- Programa municipal “Somos e Contamos”: Programación 25N, 8M e 28X.*
- Sesións de prevención en ámbito escolar (grupos aula) do CRA O Esquíu e CPI Atios*

- *Realización e acompañamento en espazos de mulleres*
- *Asesoramento e apoio LGTBI (cumprimento da Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia).*
- *Coordinación con outras entidades locais e autonómicas para a xestión de recursos e actividades (Campaña De Fronte, Campaña Liberdade de ser e sentir...)*
- *Tramitación de subvencións no marco da Igualdade, diversidade e prevención de violencias:*
 - *Transferencia do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero;*
 - *Subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade;*
 - *Axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal...*
 - *Coordinación con entidades veciñais para o impulso de actividades socioeducativas e comunitarias.*
 - *Revisión e actualización da Estratexia municipal para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.*

SÉTIMO-. Estas actuacións requiren de traballo técnico, ao ter que enmarcarse dentro dun contexto de actuación con normativa propia, que requiren de múltiples procedementos administrativos e un coñecemento especializado do ámbito.

As funcións descritas están sendo realizadas pola educadora social, responsable do Servizo de Educación e Apoio Familiar.

Debido á acumulación de traballo é necesario contar con outro perfil técnico que permita redistribuir o traballo e poder abarcar os diferentes proxectos que se desenvolven, dando unha maior calidade e atención e impulsando unha revisión do Programa Municipal Somos e Contamos, establecendo uns novos obxectivos.

OITAVO-. Que o óptimo sería contar con esa persoa a xornada completa, sendo cando menos precisa unha media xornada.

NOVENO-. Que para dar continuidade ao Programa Municipal cos proxectos que xa están a funcionar e outros que se poñan en marcha cando exista a figura profesional, é preciso enfocar a contratación a un mínimo de tres anos.

DÉCIMO-. Que o prazo remata o día 21.11.2024 sendo preciso a aprobación da solicitude para proceder á preparación da documentación a presentar.

Infórmase para a a aprobación en Xunta de Goberno Local da solicitude do programa de subvencións a Concellos e outras entidades locais para o financiamento de persoal técnico de igualdade de xénero e axentes de igualdade no ano 2025.

Para que conste aos efectos oportunos, asínase electrónicamente na data indicada á marxe pola Educadora Social dos Servizos Sociais Comunitarios (Colex. 3545).”

PROPOÑO

Á xunta de Goberno Local a aprobación do seguinte:

- A aceptación das bases da convocatoria, do Programa de subvencións a Concellos e outras entidades locais para o financiamento de persoal técnico de igualdade de xénero e axentes de igualdade no ano 2025, así como os compromisos e obrigas que nela se inclúen.
- A solicitude do Programa de subvencións a Concellos e outras entidades locais para o financiamento de persoal técnico de igualdade de xénero e axentes de igualdade no ano 2025 de acordo coas bases do Programa e co detalle que se recolle no cadro de orzamento e financiamento previstos achegado coa solicitude.
- A solicitude do seguinte financiamento para a contratación de persoal técnico de Igualdade: 22000 euros.

Para que conste aos efectos oportunos, asino electrónicamente na data indicada á marxe.

O Alcalde
Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/A002/000003).

5º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URNANISMO.-

A.-Licenza de 1ª ocupación.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Expte.05/2021.- [REDACTED] - Para a licenza de primeira ocupación de vivanda unifamiliar sita en Lg A Loira, nº 7, parroquia de Pantín e que se corresponde co expediente de obras nº 211/2007, con licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/08/2010 e acordó de modificación de proxecto (expte. 131/2013) o 21/10/2019.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 06/11/2024 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto e polo tanto procede dende o punto de vista técnico, a informar a solicitude realizada como **FAVORABLE**.

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía, en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Rexime Local, **PROPÓN** a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder ao petionario [REDACTED] a **licenza de 1ª ocupación** de vivanda unifamiliar sita en Lugar A Loira, nº 7, parroquia de Pantín, segundo o disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do artigo 355.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e o artigo 12 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivanda de Galicia.

Segundo.- Practicaraselle a liquidación da taxa por expedición de licenza de 1ª ocupación, cuxo importe é de **75,20 euros**, segundo calculo que consta no informe do arquitecto municipal de 28/10/2024.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado cos recursos que procedan e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite e para os Servizos Económicos aos efectos oportunos.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde, Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U007/000010).

B.- Rectificación de erro padecido no acordo de licenza 1ª ocupación (expte núm. 07/2012).-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

RECTIFICACION DE ERRO PADECIDO NO ACORDO DE LICENZA DE 1ª OCUPACIÓN (EXPTE. NÚM. 07/2012); ADOPTADO EN SESIÓN ORDINARIA DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 05.11.2024.

En Xunta de Goberno Local o 05.11.2024 apróbase a licenza de 1ª ocupación para a vivenda unifamiliar no Lugar de A Carreira nº 96 do expte. 07/2012, promovida por Juan Manuel Rivas Rodríguez.

A Secretaría, debidamente autorizada pola Presidencia fai constar ao respecto a existencia dun erro ortográfico no acordo e, por extensión, na Licenza e de que procede a rectificación conforme o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, “*Revogación de actos e rectificación de erros. As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*”.

Polo que a Xunta de Goberno Local, neste caso de oficio procede á emenda de dita erro, de xeito que segue:

Onde di: “**Primeiro.-** Conceder ao peticionario [REDACTED] (sustituye a [REDACTED] a licenza de 1ª ocupación...”

Debe dicir: **Primeiro.-** Conceder ao peticionario [REDACTED] (sustituye a [REDACTED] a licenza de 1ª ocupación...”

Sen que o contido do acordo adoptado na sesión do 24.03.22, sofra ningún outro cambio; procedendo tamén trasladar dita corrección aos negociados administrativos municipais implicados para os debidos efectos.

En Valdoviño, o 08 de novembro de 2024.

O Alcalde,
Asdo. Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U007/000011).

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, a Tenente- Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e quince minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo alcalde/